



RICARDO CARBALLO CALERO



DÍA

DAS LETRAS GALEGAS

2020



REAL
ACADEMIA
GALEGA



4º EDUCACIÓN INFANTIL



RICARDO CARVALHO CALERO



Ricardo Carvalho Calero foi un gran escritor galego.

Naceu na cidade coruñesa de Ferrol e era o maior de seis irmáns.

Seus pais eran M.^a Dolores e Gabriel Ricardo.

De pequeno estudou en dúas escolas da súa cidade e de maior marchou a estudar a Compostela.

Defendeu o idioma galego, escribiu moitos libros no noso idioma e traballou en moitas revistas galegas.

Un dos seus libros máis famosos para os nenos e nenas é *As pitas baixo a choiva*.

Neste libro Ricardo conta unha cousa que lle pasou de pequeno cando quería recoller as galiñas que se mollaban coa choiva e acabaron todos mollados como pitos: as galiñas, el e toda a súa familia.

Este ano 2020 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras, polo seu traballo en defensa do idioma galego e da nosa cultura.

RETO 1. O NOME DO ESCRITOR HOMENAXEADO. CONVÍRTETE NUN OU NUNHA DETECTIVE DE LETRAS E BUSCA EN REVISTAS, PERIÓDICOS, ENVASES DOS ALIMENTOS, ETIQUETAS, ETC AS LETRAS PARA COMPOÑER O NOME DE RICARDO.

RECORTÁMOLAS E PEGÁMOLAS EN ORDEN PARA FORMAR O NOME.

QUE LETRAS COÑEZO? COMO SE CHAMAN E COMO SOAN? CANTAS SON? NO MEU NOME HAI ALGUNHA?



R I C A R D O



4º EDUCACIÓN INFANTIL



AS PITAS BAIXO A CHOIVA **RICARDO CARVALHO CALERO**

Moito quería eu os animais.

No curro pasaba unha gran parte do meu tempo
ollando para as galiñas. Víaas escaravellar na terra,
en procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo.
Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado
cacarexar.

Podemos ver o conto na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=8VrdvVwY1rA>

RETO 2. O RETO DE HOXE (E QUE AO MELLOR VOS PODE LEVAR VARIOS DÍAS) É O QUE PRESENTO NO PDF QUE VOS MANDO APARTE E QUE É COMÚN A TODO INFANTIL. É UNHA PROPOSTA ARTÍSTICA. ANALIZAR UNHA GALIÑA, UNHA PITA E DESPOIS DEBUXALA OU CREALA COMO FIXERON MOITOS ARTISTAS.

E AGORA, ANIMÁDEVOS A CREAR A VOSA PITA? Pode ser como vos queirades: con papeis, telas, acuarelas, cartóns... Aquí podedes ver as fotos das pitas de moit@s artist@s.



RETO 3. ESTE QUE PRESENTO A CONTINUACIÓN É UN RETO MÚLTIPLE, É DICIR, EU PRESENTO VARIAS OPCIONS PARA TRABALLAR A MOTRICIDADE FINA (TAN NECESARIA FORTALECELA) E A COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL, ATENCIÓN, AUTOESTIMA...E VÓS ELIXIDES O QUE MÁIS VOS GUSTE, O QUE VOS APETEZA OU POIDADES.

PELAMOS OVOS COCIDOS E DESPOIS CUN MAZO OU MARTELO DE XOGUETE ESMAGAMOS AS CÁSCARAS (QUE PODEMOS METER NUNHA BOLSA DE PLÁSTICO)



**XOGAMOS CON PLUMAS. FACÉMOSNOS CÓXEGAS, SOPLÁMOLAS, VER COMO CAEN,
PODEMOS FACERNOS UN MASAXE OU ALGUNHA MANUALIDADE CON ELAS.**




TRANSVASE E EXPERIMENTACIÓN. PODEMOS COLLER TRIGO, CEBADA OU MILLO (se temos tamén o podemos facer con garavanzos, lentellas, etc) E PRIMEIRO NUNHA BANDEXA EXPERIMENTAMOS E EXPLORAMOS LIBREMENTE CON CULLERES, BOTES, OU OUTROS UTENSILIOS QUE TEÑAN POLA CASA. DESPOIS VIRÍA O TRANSVASE DA BANDEXA A UN BOTE MÁIS PEQUENO INTENTANDO QUE NON CAIA NADA FÓRA.





RETO 4. CHOVEN PALABRAS GALEGAS. ELIXIDE ENTRE TODOS E TODAS OS DA FAMILIA UNHA PALABRA QUE VOS GUSTE EN GALEGO E ESCRIBÍDEA NA PINGA DE AGUA DA FOLLA SEGUINTE E DECORÁDEA AO VOSO GUSTO. (VER NA PÁXINA SEGUINTE)

ACTIVIDADES IMPRESAS. E para intentar cubrir todas as posibles necesidades tamén adxunto fichas impresas por se vos serve de axuda nesta semana. Un saúdo!






QUE TRES DIFERENZAS HAI?






ORDENA O PROCESSO DE NACEMENTO DUN PITO.

1	2	3	4	5
---	---	---	---	---





RECORTA E PON CADA NOME ONDE LLE CORRESPONDE.



PETEIRO





CRISTA

PLUMAXE

ÁS





- COLOREA DE VERMELLO O RECADRO QUE TEN MOITOS GRANS E DE VERDE O QUE TEN POUCOS.





3.- RECORTA E COMPÓN O CREBACABEZAS DA PITA. COLOREA.






DEBUXA NA CESTA OS OVOS QUE PUXO A GALIÃ.



5



3



2



4



4.- CAL É O ANIMAL? ARRODÉAO.



FELIZ SEMANA
DAS
LETRAS GALEGAS
FAMILIAS!

Un saúdo. Mónica